

## O castigo eterno

Dende que nos mudamos a esta casa algo estraño pasa, pois cada noite ás una ou dúas da madrugada, escóitanse tres golpes secos na parede da cociña.

Esta mesma noite estou decidido a ir para ver que é o que está facendo aqueles ruídos. Moitas persoas dixéronme que tal vez sería algún animal ou algún veciño mais puxen trampas para os animais y a miña cociña, só ten unha gran “caixa” de cemento que nunca revisei pois non supoñía un problema. Cando baixei á cociña, collín un martelo e con decisión empecei a rompela parede. O que vín sorprendeume, aquela “caixa” de cemento estaba oca e tiña unhas cadeas postas na parede e que no seu final había unha muller en desnutrición e que ó seu redor había ratas con mordidas (serían a súa única comida) e tamén habían excrementos humanos que parecían ser de ela. Pensei que levara moito tempo alí e que aqueles golpes eran dela tratando de escapar, mais, cada vez que o rompía a parede eu a cheaba de cemento para que non saíra do seu castigo eterno.